



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BERGONDO

Secretaría

Delegacións da Alcaldía na Xunta de Goberno Local

Delegacións da alcaldía na Xunta de Goberno Local

Con data 21 de xuño de 2023, por esta alcaldía ditouse a Resolución núm. 744/2023, que deseguido se transcribe íntegramente:

«Alejandra Pérez Máquez, alcaldesa-presidenta do Concello de Bergondo (A Coruña)

Delegacións da alcaldía na Xunta de Goberno Local

Expediente: 2023/G005/000001

Constituída a nova Corporación municipal o pasado día 17 de xuño de 2023, como consecuencia das eleccións locais celebradas o pasado día 28 de maio; mediante Resolución da alcaldía núm. 742/2023, do 21 de xuño, nomearonse os membros da Xunta de Goberno Local e convocouselles a sesión constitutiva.

Visto o disposto nos artigos 21.3 e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; artigo 65 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; artigos 43.1.e 2; 44; 52; 53; 114 a 118 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais;

Visto que o artigo 23.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, establece que correspóndelle a Xunta de Goberno Local a asistencia ao alcalde no exercicio das súas atribucións e as atribucións que o alcalde ou outro órgano municipal lle delegue ou lle atribúan as leis;

No uso das atribucións legalmente conferidas, consonte cos artigos 21.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e 43.1, 44 e 114 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pola presente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Delegar na Xunta de Goberno Local, de forma expresa mediante a presente resolución, as seguintes atribucións:

1. O outorgamento de toda clase de licenzas competencia da alcaldía, agás as de ocupación de dominio público e as das festas populares.

2. As contratacións de obras, subministro, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10% dos recursos ordinarios do presuposto nin, en calquera caso, a contía dos seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

Exclúese da citada delegación o acordo de incoación dos correspondentes expedientes de contratación, a clasificación das proposicións presentadas e a potestade de efectuar os requirimentos de documentación xustificativa ao licitador que presente a oferta máis vantaxosa ao que fai referencia 150 da Lei 9/2017 do 9 de novembro, de contratos do Sector Público.

Igualmente exclúese a tramitación e resolución de adxudicación dos contratos menores.

3. A aprobación de facturas e certificacións correspondentes aos contratos de obras.

4. A celebración de contratos privados, a adxudicación de concesións sobre os bens municipais e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o presuposto base de licitación, non supere o 10% dos recursos ordinarios do Orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicadas.

5. A aprobación das bases reguladoras das subvencións outorgadas en concorrencia competitiva e o acordo da súa concesión.

6. As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, asó como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

SEGUNDO.- A presente resolución será efectiva dende o día seguinte ao da súa data e será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, en cumprimento do que dispón o artigo 44 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, debendo dar conta ao Pleno na primeira sesión que éste celebre con posterioridade á mesma e será notificada á Xunta de Goberno Local, para os efectos previstos no 114 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

En Bergondo, mércores 21 de xuño de 2023.

A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez.

Dou fe; a secretaria. Ana María Cacharrón Castelos»

Bergondo, 26 de xuño de 2023

A alcaldesa-presidenta

Alejandra Pérez Máquez

2023/5082